

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EPÍGRAFE	EPÍGRAFE INFORMACIÓN BÁSICA	INFORMACIÓN ADICIONAL
RESPONSABLE DO TRATAMIENTO	Concello de Santiago de Compostela	Responsable: Concello de Santiago de Compostela CIF: P1507900G Enderezo postal: Praza do Obradoiro, 1. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) Correo electrónico: informacion@santiagodecompostela.gal Teléfono: 981542300 Delegado de protección de datos: Pode contactar coa persoa encargada de supervisar o cumprimento da normativa de protección de datos no Concello de Santiago de Compostela a través da conta de correo dpd@santiagodecompostela.gal
FINALIDADE DO TRATAMENTO	A finalidade do tratamento dos seus datos é tramitar o procedemento que se relaciona coa solicitude onde se recollen. As normas básicas son: - Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal - Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. - Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. - Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.	O Concello de Santiago de Compostela utilizará os datos coas finalidades de atención, xestión, control e resolución das consultas e solicitudes relacionadas con trámites ou servizos municipais no ámbito das súas competencias.
LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO	Os tratamentos que realiza o Concello cos seus datos están lexitimados nalgunhas das seguintes bases: - Cumprimento dunha obriga legal - Misión en interese público - Exercicio de poderes públicos - Interese lexítimo da persoa responsable - Interese lexítimo dunha terceira persoa - Consentimento da persoa interesada - Execución dun contrato	O Concello de Santiago de Compostela garante a confidencialidade no tratamento dos datos de carácter persoal, así como a implantación das medidas de orde técnica e organizativa que garantan a seguridade, de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e coa lexislación vixente en materia de protección de datos.
PERSOAS DESTINATARIAS DAS CESIÓNS	Os datos poderán destinarse a outras unidades administrativas, organismos públicos participados polo Concello ou empresas concesionarias de servizos públicos municipais cando sexa necesario que realicen xestións para o procedemento.	Non está prevista a transferencia internacional de datos.
PAZO DE CONSERVACIÓN	O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais pola lexislación específica e dos criterios de minimización que se deriven. Os datos recollidos unicamente serán obxecto de cesión se contan co consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na lexislación vixente.	
DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS	Dereito de acceso Permite obter a confirmación da existencia dun tratamento de datos. En caso de confirmación, a persoa interesada ten dereito a acceder á relación de datos que se tratan, á súa tipoloxía, fin, procedencia, cesións realizadas e previstas (se procede) e caducidade.	A que a persoa interesada sexa informada de: • Os fins do tratamento, categorías de datos persoais que se tratan e posibles comunicacións de datos e destinatarios. • De ser posible, o prazo de conservación dos datos. De non selo, os criterios para determinar este prazo. • O dereito para solicitar a rectificación ou supresión dos datos, a limitación ao tratamento ou a oposición a este. • O dereito para presentar unha reclamación ante a autoridade de control. • Como obter unha copia dos datos obxecto do tratamento. • Se se produce unha transferencia internacional de datos, recibir información das garantías adecuadas. • A existencia de decisións automatizadas (incluíndo perfís), a lóxica aplicada e as consecuencias dese tratamento. Debe distinguirse do dereito de acceso das persoas interesadas aos expedientes administrativos que regula a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como do dereito de

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

		acceso regulado na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
	Dereito de rectificación Permite a corrección de datos inexactos ou completar os incompletos.	• O dereito a rectificar os datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos, inclusive mediante unha declaración adicional.
	Dereito de supresión (dereito ao esquecemento) Permite obter a supresión dos datos que afectan á persoa interesada.	Co seu exercicio, a persoa interesada pode solicitar a supresión dos datos persoais sen dilación, cando conorra algún dos supostos incluídos. Os datos poden suprimirse no caso do seu tratamento ilícito ou cando desapareceu a finalidade que motivou o tratamento ou recollida. Con todo, régulanse unha serie de excepcións nas que non procederá este dereito, por exemplo cando deba prevalecer o dereito á liberdade de expresión e información.
	Dereito á limitación do tratamento Os datos só se empregarán para reclamacións ou protección de dereitos doutros, mentres se verifica a exactitude dos datos ou a licitude do seu uso.	1. Solicitar á persoa responsable que suspenda o tratamento de datos cando: • Se impugne a súa exactitude, mentres esta é verificada pola persoa responsable. • A persoa afectada exerceu o seu dereito de oposición ao tratamento de datos, mentres se verifica se os motivos lexítimos da persoa responsable prevalecen sobre a afectada. 2. Solicitar á persoa responsable que conserve os seus datos persoais cando: • O tratamento de datos sexa ilícito e a persoa afectada se opoña á supresión e solicite no seu lugar a limitación do seu uso. • A persoa responsable xa non necesita os datos para os fins do tratamento pero a afectada si os necesita para formular, exercer ou defender reclamacións.
	Dereito de oposición Permite pedir á Administración que se deixe de utilizar un dato determinado para un tratamento concreto.	A persoa afectada pode opoñerse ao tratamento: • Cando, por motivos relacionados coa súa situación persoal, debe cesar o tratamento dos seus datos, agás que se acredite un interese lexítimo ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. • Cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.
EXERCICIO DE DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS		As persoas interesadas en exercer os seus dereitos poderán facelo a través do trámite “exercicio de dereitos de protección de datos persoais” que poden atopar na sede electrónica sede.santiagodecompostela.gal ,. Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, mediante un escrito dirixido a: Axencia Española de Protección de Datos, R/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid, ou accedendo á sede electrónica a través da seguinte ligazón: https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/
INFORMACIÓN ADICIONAL		No enderezo web protecciondedatos.santiagodecompostela.gal , poderá atopar toda a información sobre protección de datos, tanto de carácter xeral como específica para cada procedemento.